

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 12/12/2015.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.  
D<sup>a</sup> Sabela Iñiguez Cinza.  
D. Manuel Varela Mecías.  
D<sup>a</sup> María Amparo Calvo González.  
D. Jesús Manuel Soto Vivero.  
D<sup>a</sup> Ana Belén Breijo Gundín.  
D. Manuel Beceiro Couce.  
D. Manuel Romero Castrillón.  
D. Andrés Fernández Graña.  
D<sup>a</sup> Silvia Fernández Muiño.  
D. Eduardo Lourido Doval.  
Secretario:  
D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e dous minutos do día doce de decembro de dous mil quince, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día sete de novembro do presente ano dous mil quince. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. RATIFICACIÓN E TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓN.

Dase conta das resolucións da Alcaldía dictadas desde a última sesión plenaria, xa recollidas nas actas das Xuntas de Goberno. Dase conta expresamente da necesidade de corrección dun erro material detectado no expediente de modificación de créditos nº 03/2015, no que se indicaba un importe total de 22.083,02 euros, cando o importe real é de 21.011,22 euros. A Corporación queda enterada do erro, autorizando a súa corrección no expediente e no anuncio da aprobación definitiva desa modificación de créditos.

TERCEIRO. APROBACIÓN DE CORRECCIÓN DE ERRO NA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 3.

Dase conta da modificación da Ordenanza Fiscal n.º 3, reguladora do Imposto sobre

Vehículos de Tracción Mecánica, acordada polo Pleno na sesión de data do 05/09/15 e cuxo anuncio de aprobación definitiva apareceu publicado no Boletín Oficial da Provincia n.º 215, do 10/11/15, contendo varios erros no seu artigo 7º, relativo a exencións e bonificacións. Propónse polo tanto un texto corrixido para publicar como corrección de erros da Ordenanza de que se trata.

O asunto foi favorablemente dicataminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

O texto corrixido para a súa publicación é o seguinte:

*"Artigo 7º. EXENCIONES E BONIFICACIONES.  
EXENCIONES:*

*1. Estarán exentos do imposto:*

*a) Os vehículos oficiais do Estado, comunidades autónomas e entidades locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.*

*b) Os vehículos de representación diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grao.*

*Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.*

*c) Os vehículos respecto dos que así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.*

*d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria, ou ao traslado de feridos ou enfermos.*

*e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida que se refire a letra A do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.*

*Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de discapacitados para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan as devanditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte.*

*As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios destas por máis dun vehículo simultaneamente.*

*Para os efectos do disposto neste parágrafo, se consideran persoas con discapacidade quen teña esa condición legal en grao igual ou superior ao 33 por cento.*

*f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ao servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do condutor.*

*g) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da libreta de inscrición agrícola.*

*2. Para poder gozar das exencións a que se refiren as letras e) e g) do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán instar súa concesión con anterioridade á data de devengo do imposto, indicando as características do vehículo, a súa matrícula, a causa do beneficio. A notificación na que se resolva a concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia. En caso de presentar a solicitude con posterioridade ao devengo do imposto a concesión da exención terá efectos desde o período impositivo seguinte ao da solicitude. Xunto coa petición de exención regulada no segundo parágrafo do parágrafo e) do apartado 1 deste artigo os interesados deberán xuntar a seguinte documentación:*

*Vehículos conducidos por persoas con discapacidade:*

*1.- Fotocopia do certificado do grao de discapacidade expedido pola Consellería de Traballo e Benestar ou organismo equivalente no que conste o grao e a clase de discapacidade padecida. Na súa falta, acreditación da condición de pensionista da Seguridade Social que teña recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez ou de pensionista de clases pasivas que teña recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.*

*2.- Fotocopia do permiso de condución (anverso e reverso). Exhibición do orixinal no momento da presentación.*

*3.- Fotocopia do permiso de circulación a nome do discapacitado. Exhibición do orixinal no momento da presentación.*

4.- *Fotocopia da póliza de seguro do vehículo na que figure o discapacitado como condutor habitual do mesmo. Exhibición do orixinal no momento da presentación.*

5.- *Fotocopia do DNI.*

6.- *Fotocopia da ficha técnica do vehículo.*

7.- *Declaración do uso exclusivo do vehículo por parte do beneficiario da exención.*

8.- *Xustificación do empadramento do discapacitado no Concello de San Sadurniño.*

*Queda condicionada esta concesión á liquidación de débedas pendentes co Concello por tódolos conceptos.*

*Vehículos destinados ao transporte de discapacitados:*

1.- *Fotocopia do certificado do grao de discapacidade expedido pola Consellería de Traballo e Benestar ou organismo equivalente no que conste ademais do grao de discapacidade, que o discapacitado ten necesidade de asistencia de terceiras persoas ou que ten dificultades graves de mobilidade que lle impidan a utilización do transporte colectivo. Na súa falta, este documento poderá ser substituído polo correspondente informe do Concello acreditativo das devanditas circunstancias.*

2.- *Fotocopia do permiso de circulación a nome do discapacitado. Exhibición do orixinal no momento da presentación.*

3.- *Fotocopia da póliza de seguro do vehículo. Exhibición do orixinal no momento da presentación.*

4.- *Fotocopia do DNI do discapacitado e do condutor habitual do vehículo.*

6.- *Fotocopia da ficha técnica do vehículo.*

7.- *Declaración do uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.*

8.- *Xustificación do empadramento do discapacitado e do condutor habitual do vehículo no Concello de San Sadurniño.*

*Queda condicionada esta concesión, á liquidación de débedas pendentes co Concello por tódolos conceptos.*

*As exencións que no seu caso se concedan en calquera dos dous supostos anteriores, non serán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.*

#### **BONIFICACIÓNS**

1. *Gozarán dunha bonificación do 100 por cento da cota incrementada do imposto os vehículos históricos e todos aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos, contados a partir da data da súa fabricación, tomando como tal, se esta non se coñecera, a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar. O petionario deberá atoparse ó corrente do pago do imposto.*

2. *Gozarán dunha bonificación do 50% sobre a cota do IVTM os vehículos híbridos eléctricos (vehículos que combinan motores eléctricos e de combustión). Igualmente terán a mesma bonificación os vehículos eléctricos. O petionario deste beneficio fiscal deberá instar a súa concesión acompañando á solicitude unha copia da ficha de características técnicas do vehículo na que conste que este é un vehículo de motor híbrido eléctrico ou integramente eléctrico. Achegarán tamén, unha copia do permiso de circulación, aos efectos de acreditar a titularidade do vehículo. O petionario deberá atoparse ó corrente do pago do imposto.*

*Os acordos sobre os que se recoñezan ás persoas interesadas as bonificacións previstas nos apartados 1 e 2 anteriores, terán efectos a partir do exercicio seguinte ao da súa petición, agás nos supostos de declaración de alta dos vehículos de motor eléctrico ou híbridos, en cuxo caso terán efectos no propio exercicio, sempre que a persoa titular solicite a bonificación e acredite o dereito á mesma, nos termos que se establecen nos apartados anteriores."*

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar a referida proposta de corrección de erros.

#### **CUARTO. MODIFICACIÓN DE FICHEIRO L.O.P.D.**

Dase conta da necesidade de modificar un dos ficheiros de datos protexidos pola Ley Orgánica de Protección de Datos, o número 1, correspondente a "Persoal e Recursos Humanos" como consecuencia da próxima implantación dun sistema de control de horarios, xornadas de

traballo, vacacións e días libres para o persoal ó servizo do Concello, que funcionará coa huella dactilar, polo que será preciso recoller a información necesaria dese dato antropométrico referida á totalidade das persoas que perciben retribucións do Concello.

O asunto foi favorablemente dicataminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar a referida proposta de modificación do ficheiro de datos protexidos n.º 1 deste Concello, denominado "Persoal e Recursos Humanos", para añadir "HUELLA (PEGADA)" ao tipo de datos, estrutura e organización do ficheiro, modificación da que se publicará o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

#### QUINTO. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 2014.

Dase conta do expediente tramitado para a aprobación da Conta Xeral deste Concello, correspondente ó exercicio de 2014, dictaminada favorablemente pola Comisión Especial competente, e exposta ó público mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 210, do día 03/11/15, sen que durante o prazo legalmente establecido se presentase alegación ou reclamación algunha. O asunto foi favorablemente dicataminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

Sometido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda:

1º.- Aproba-la conta xeral deste Concello correspondente ó exercicio económico de 2014, sendo o seu resume o seguinte:

Resumo da liquidación:

#### **A) Resultado presupostario do exercicio de 2014:**

- 1) Dereitos recoñecidos netos: 2.503.426,95
- 2) Obrigas recoñecidas netas: 2.591.504,28
- 3) Resultado presupostario (1-2): - 88.077,33
- 4) Desviacións positivas de financiación: 0
- 5) Desviacións negativas de financiación: 0
- 6) Gastos financiados con remanente líquido de tesorería: 52.635
- 7) Resultado de operacións comerciais: 0
- 8) Resultado presupostario axustado: - 35.442,33

#### **B) Estado de remanente de tesorería:**

- 1) (+)  
Dereitos pendentes de cobro en fin de exercicio: 443.575,75
- 2) (-)  
Obrigas pendentes de pagamento en fin de exercicio: 236.300,05
- 3) (+) Fondos líquidos de tesoureiría a fin de exercicio: 418.886,58
- 4) Remanente de tesoureiría afectada a gastos con financiación afectada: 0
- 5) Remanente de tesoureiría para gastos xerais: (1-2+3-4): 698.791,99
- 6) Remanente de tesoureiría total: 698.791,99

1. C) Cuantificación remanente de tesoureiría: 698.791,99

Conta Xeral de 2014:

- 1) Balance de situación: 18.234.632,02

- 2) Conta de resultados:
  - a) Resultados correntes do exercicio: 503.652,91
  - b) Resultados extraordinarios: 0
  - c) Resultado da carteira de valores: 0
- 3) Liquidación do Presuposto:
  - 1) Dereitos recoñecidos netos: 2.503.426,95
  - 2) Obrigas recoñecidas netas: 2.591.504,28
  - 3) Resultado presupostario (1-2): -88.077,33
- 4) Estado demostrativo de exercicios pechados:
  - Obrigas pendentes de ordear: 195.102,53
  - Dereitos pendentes de cobro: 38.016,75
- 5) Estado dos compromisos de gasto con cargo a exercicios futuros: 0
- 6) Estado de Tesorería:
  - Existencia final en bancos: 418.886,58

2º.- Ordea-la remisión dunha copia ou a transmisión telemática dos datos da conta xeral de que se trata ó Consello de Contas de Galicia e ó Tribunal de Cuentas, en aplicación do establecido na lexislación reguladora das Facendas Locais.

#### SEXTO. RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS E APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 05/2015

Dase conta, do fundamento legal deste tipo de acordos de recoñecemento extraxudicial, que se configuran como excepcións ó principio xeral de anualidade presupostaria, e das súas causas, explicando os pagamentos que se aprobarían mediante este expediente, que corresponden a diferentes facturas rexistradas nos últimos días de 2014, e indicando que sendo preciso cargar estes gastos ó presuposto corrente, será necesario incrementar a consignación existente nas partidas correspondentes, o que se fará mediante o expediente de modificación de créditos con cargo ó remanente de tesourería resultante da liquidación do presuposto de 2014 que tamén se propón aprobar neste punto da Orde do Día.

O expediente de que se trata foi dictaminado favorablemente pola comisión informativa competente deste Concello, aínda que debido a un erro na convocatoria, non se indicaba así na mesma, como explica o Secretario-Interventor.

Os pagos ós que afecta o presente expediente veñen recollidos nos informes de Secretaría e Intervención obrantes no expediente,

Toman a palabra brevemente o Sr. Lourido e o Sr. Romero, manifestando a súa conformidade coa proposta.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once concelleiros, acorda prestarlle a súa aprobación ó expediente de que se trata e recoñecer extraxudicialmente os créditos indicados no mesmo, ordeando o seu aboamento con cargo ás partidas presupostarias indicadas no informe de Intervención existente no expediente.

Dase conta de seguido do expediente tramitado para a aprobación da modificación de créditos número 05/2015, coa modalidade de suplementos de crédito financiados con remanente de tesourería, no que consta o informe favorable do interventor. Como xa queda dito, expediente ven motivado pola necesidade de abordar o pago das facturas obxecto do expediente de recoñecemento extraxudicial aprobado nesta sesión.

As altas en aplicacións ou partidas de Gastos son as que seguidamente se indican:

Partida: grupo e artigo	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
231.13100	233.804,00 €	35.323,00 €	269.127,00 €
920.12000	15.526,00 €	8.267,00 €	23.793,00 €
150.12000	27.200,00 €	821,00 €	28.021,00 €
160.13000	11.410,00 €	10.352,00 €	21.762,00 €
165.22100	120.000,00 €	117.300,00 €	237.300,00 €
165.22799	9.000,00 €	7.765,00 €	16.765,00 €
920.21600	8.000,00 €	11.200,00 €	19.200,00 €
Totais	424.940,00 €	191.028,00 €	615.968,00 €

As altas en Partidas de Ingresos detállanse de seguido:

Partida: capítulo e artigo	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
87	79.649,08 €	191.028,00 €	270.677,08 €

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once concelleiros, acorda aprobar o expediente de modificación de créditos nº 05/2015, ordeando a realización, coa brevidade posible, dos trámites necesarios para a súa aplicación ó presuposto vixente.

#### SÉTIMO. ACORDO RELATIVO AO PROCEDEMENTO DE REVISIÓN DE OFICIO DE CONVENIO URBANÍSTICO.

Dase conta polo Sr. Soto do expediente tramitado para a revisión de oficio do acordo de aprobación do convenio urbanístico asinado coa Cooperativa de Explotación en Común de San Sadurniño, informado favorablemente polo Consello Consultivo de Galicia mediante o ditame número CCG 463/15. Os antecedentes e detalles deste expediente xa foron expostos diante do Pleno en varias sesións anteriores. Di tamén que no orzamento de 2016 recollerase a consignación necesaria para o pago das cantidades que se indican na proposta da Alcaldía para o acordo a adoptar para rematar este expediente, que literalmente di:

#### *“PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA NO PROCEDEMENTO DE REVISIÓN DE OFICIO DO CONVENIO URBANÍSTICO APROBADO EN SESIÓN DO CONCELLO PLENO DE 15/12/2007*

##### *ANTECEDENTES:*

- a) Visto o acordo plenario do 05/09/2015 polo que se decidiu iniciar o procedemento de revisión de oficio do “Convenio urbanístico” suscrito entre o Concello de San Sadurniño e a Cooperativa de Explotación en Común de San Sadurniño aprobado en sesión do Concello Pleno do 15/12/2007.*
- b) Vista a Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.*
- c) Vistos os informes da Secretaría-Intervención municipal, do Servizo de asesoramento aos concellos da Deputación da Coruña e do Gabinete Xurídico “Xoán Antón Pérez-Lema, Avogados e Consultores, S.L.”,*

así como da Arquitecta municipal requirido por providencia do 21/05/2015, todos eles dados por reproducidos no expediente con base á resolución desta Alcaldía do 05/08/2015 ratificada polo Pleno municipal.

d) Visto, asemade, o informe da Secretaría-Intervención antecedente ao devandito acordo plenario do 05/09/2015.

e) Transcorrido o prazo de dez días concedido para o trámite de audiencia e desestimadas as alegacións presentadas pola Cooperativa en liquidación interesada o 23/09/2015, nos termos da proposta de resolución provisional do 02/10/2015.

f) Aprobada pola Alcaldía a proposta de resolución provisional do expediente con data do 02/10/2015 e enviada esta ao Consello Consultivo de Galicia o día 09/10/2015 para a emisión do ditame previsto no artigo 12.f da Lei 3/2014 reguladora do dito Consello.

g) Emitido o ditame ao que se refire o punto anterior con data do 11/11/2015, e sendo este favorábel á proposta de resolución realizada por esta entidade local.

Tendo en conta todo o antedito, esta Alcaldía, no uso das súas atribucións,

#### PROPÓN

Que o Concello Pleno de San Sadurniño eleve a definitiva a proposta de resolución formulada no seu día, e en consecuencia, formule a seguinte RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO.- Declarar nulo de pleno dereito o convenio "urbanístico" subscrito entre o Concello de San Sadurniño e a Cooperativa de Explotación en Común de San Sadurniño aprobado en sesión do Concello Pleno do 15/12/2007, en atención á concorrencia, cando menos, da causa de nulidade prevista no artigo 62.1.e da Lei 30/1992, por canto non se cumpriron os trámites de información pública e alegacións establecido no artigo 237 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

SEGUNDO.- Dispor a inmediata restitución in natura das partes da finca denominada "A Cortiña" postas a disposición desta entidade local e non usadas pola mesma.

TERCEIRO.- Recoñecer, consonte co artigo 106 da Lei 30/1992, a concorrencia das circunstancias previstas nos artigos 139.2 e 141.1 do mesmo corpo normativo para avaliar a parte da finca usada e non restituíble e, en consecuencia, a indemnización que cómpre satisfacer á Cooperativa de Explotación en Común de San Sadurniño, tal e como se indica no informe da Arquitecta municipal requirido o día 21/05/2015, nunha cantidade de 80.459,18 € (OITENTA MIL CATROCENTOS CINCUENTA E NOVE EUROS E DEZA OITO CÉNTIMOS) consonte co seguinte detalle:

Concepto	Cantidade
Valor da superficie na data do convenio (2007)	61.891,68 €
25% do valor anterior (61.891,68 €) por ocupación por vía de feito	15.472,92 €
5% do valor primeiro (61.891,68 €) por premio de afección	3.094,58 €
TOTAL	80.459,18 €

CUARTO.- Comunicarlles, aos efectos oportunos, o contido desta resolución aos interesados no expediente, así como ao Consello Consultivo de Galicia, tal e como se prevé no ditame emitido por este último.

Xa que logo, asino a presente proposta en San Sadurniño a 1 de decembro de 2015."

O asunto foi favorablemente dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello.

O Sr. Lourido interven para dicir, como anticipou na Comisión Informativa, que pensa que non se fixeron todos os esforzos necesarios para resolver o asunto mediante un acordo, pero que aínda non é tarde para iso, e que, sendo unha cuestión que está pendente de resolución xudicial, continuará na liña que ven seguindo, de absterse na votación.

O Sr. Romero interven para dicir que se debe negociar entre ambas partes para tratar de chegar a un acordo, aínda que as valoracións de cada parte están moi distantes, que o que se fixo foi na práctica unha expropiación e que o prezo ofrecido é demasiado baixo, porque ninguén vendería esa finca por ese prezo. Di que xa no pleno no que se aprobou o convenio o seu grupo advirteu que era ilegal, e que esa ilegalidade poderá xerar as correspondentes responsabilidades. Insiste finalmente en que se trate de acadar un acordo e manifesta a intención do seu grupo de votar en contra da proposta presentada.

O Sr. Soto di que non hai que mirar polos intereses dos liquidadores e que o que interesa son os dereitos das persoas que cederon o terreo e a finalidade que se acadou, a construción do Centro de Día que xa leva anos funcionando. Xa se realizou unha xuntanza, pero os liquidadores non aceptaron a proposta que se lles fixo, dunha prórroga de dous anos para tratar de chegar a un acordo. En canto á solución deste expediente, reitera que a proposta conta con tódolos informes favorables e que se trata de defender os intereses xerais, aínda que sempre se poden acadar acordos se as partes os consensúan.

O Sr. Lourido interven para solicitar novamente unha xuntanza entre as partes para tratar de acadar un acordo sen necesidade dun xuízo. Non se trata de satisfacer os intereses dos liquidadores, pero tamén son veciños do Concello e o ideal sería que se poidera chegar a acordos, aínda que o seu grupo manterase á marxe do asunto.

O Sr. Romero toma a palabra para insistir unha vez máis na necesidade de sentarse e negociar, manifestando que non se trata agora de desgastar politicamente a ninguén, que tampouco mira para nada os intereses dos liquidadores e que entre todos deberíamos ser capaces de arranxar este asunto. O Sr. Soto resposta que, desde o respecto, non lle interesan nada os intereses particulares dos liquidadores e que, unha vez presentada por eles unha demanda xudicial, non corresponde ó Concello chamar a nadie para falar. Tramítase un expediente administrativo que o Concello ten a obriga de resolver e, aínda que preferirían unha solución non xudicial, non está na súa man poder evitalo.

Interven finalmente o Sr. Alcalde, para reiterar que celebre unha xuntanza pasados cinco anos desde a sinatura do convenio, na que se acordó que o Concello presentaría unha proposta por escrito, proposta que se presentou e foi rexeitada polos liquidadores. Podería terse expropiada a finca, pero se precisaba con urxencia para posibilitar a construción do centro de día. En canto ó prezo, a proposta recolle o indicado no informe técnico do expediente, que conta co ditame favorable do Consello Consultivo e non se pode negociar, ademais de que é un prezo axeitado á situación e calificación urbanística dos terreos de que se trata. Manifesta o seu orgullo polo centro de día e o servizo que ven prestando a moitas persoas e polo convenio que posibilitou que se fixera, e reitera que o Concello ten que defender os intereses xerais.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con tres votos contrarios, dos do PP e unha abstención, do do PSOE, acorda aprobar a proposta formulada pola Alcaldía.



#### OITAVO. ACORDOS RELATIVOS AO POS 2016.

Dase conta polo Sr. Soto do expediente tramitado para a adopción dos acordos necesarios para a participación deste Concello no referido Plan, e dos proxectos redactados para as dúas obras que o grupo de goberno propón incluír no mesmo, que explica brevemente detallando o presuposto de cada unha, e indicando que o resto do importe da participación do Concello de San Sadurniño no POS 2016, que ascende a 99.526,64 euros, destinarase a gasto corrente.

O asunto foi favorablemente dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello.

O Sr. Romero interven para manifestar a conformidade do seu grupo coas obras propostas, e a súa discrepancia respecto ó importe destinado a gasto corrente, que co nsideran excesivo e que entenden que debería adicarse a máis investimentos.

O Sr. Soto resposta que esta proposta cumpre coas bases aprobadas pola Deputación, polo que non é decisión do Concello, e que é o criterio que seguen moitos outros Concellos. Ademáis, esta decisión permitirá manter o nivel de gasto corrente sen recortes e sen ter que subir os impostos.

Interven brevemente o Sr. Alcalde, para dicir que sería mellor deixar que os concellos decidisen libremente o destino dos cartos que lles corresponden, sinalando a precariedade económica dos concellos galegos, que reciben moitos menos recursos do Estado para o seu gasto corrente.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda:

1º.- Participar no Plan de cooperación ás obras e servicios de competencia municipal (POS) 2016, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e ao financiamento dos gastos correntes do exercicio de 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

#### A) Realización de obras:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
Pavimentación dos camiños de Regueiro Cavado- A Ribeira, Penavidreira- Piñeiros e outros	46.048,93 €	0,00 €	46.048,93 €
Pavimentación e mellora dos camiños de Moimentos-Golpilleira, O Albeiro e o Laranxol	58.645,15 €	0,00 €	58.645,15 €
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	<b>104.694,08 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>104.694,08 €</b>

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2016 e que se relacionan neste cadro.

#### B) Financiamento de gastos correntes:

Achega provincial aplicada ó financiamento de gastos correntes	99.526,64 €
--	-------------

C) Resumo

	Deputación	Concello	Importe total Euros
SUBTOTAL OBRAS	104.694,08 €	0,00 €	104.694,08 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	99.526,64 €	0,00 €	99.526,64 €
TOTAL	204.220,72 €	0,00 €	204.220,72 €

2º.- Declarar expresamente que non se considera procedente a formulación de plan complementario, debido á escasa contía dos proxectos cos que participará este Concello no POS 2016.

3º.- Declarar que o Concello ten disponibilidad dos terreos, augas e servidumes necesarios para a execución das obras, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4º.- Formular compromiso de incluír no presuposto municipal de 2016 os fondos necesarios para facer fronte á aportación municipal das obras incluídas na anualidade de 2016.

5º.- Solicitar da Excma. Deputación Provincial de A Coruña a delegación da contratación e execución das obras incluídas no Plan, que se entenderá aceptada no caso de que efectivamente se produza.

6º.- Declarar que este Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento destes investimentos.

7º.- Autorizar á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesoureiría da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8º.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde Presidente, D. Secundino García Casal, ou a quen legalmente lle substitúa ou represente, tan amplamente como sexa preciso, para todo o relacionado coa tramitación, xestión e execución do presente acordo e o correspondente expediente.

NOVENO. ACORDOS RELATIVOS AO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS 2015).

Dase conta polo Sr. Soto do contido das bases do Plan e da cantidade a que ascende e os criterios de reparto, que coinciden básicamente cos do POS, así como do expediente tramitado para a adopción dos acordos necesarios para a participación deste Concello no referido Plan, e dos proxectos redactados para as tres obras que o grupo de goberno propón incluír no mesmo, que explica brevemente detallando o presuposto de cada unha, e detallando algúns aspectos do proxecto para acondicionamento da contorna da piscina, o de maior presuposto e que resposta a demandas directas da veciñanza.

O asunto foi favorablemente dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello.

O Sr. Romero interven brevemente para manifestar a conformidade do seu grupo coa proposta.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once concelleiros, acorda:

1º.- Participar no Plan de acción social (PAS) 2015, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención provincial asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se indica, aprobando os proxectos das obras de que se trata:

no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar no POS 2015, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2015, de acordo co financiamento que se indica:

A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
Acondicionamento da contorna da piscina	135.614,23 €	0,00 €	135.614,23 €
Pavimentación dos camiños de Pontellas- Soutocalvo, Prospes- Penacastrelo, Os Pantís- Pramado e outros	77.157,60 €	0,00 €	77.157,60 €
Senda peonil en Naraío, urbanización parcial en Agra de Abaixo e abastecemento no Cochón	65.710,97 €	473,13 €	66.184,10 €
<b>SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL</b>	<b>278.482,80 €</b>	<b>473,13 €</b>	<b>278.955,93 €</b>

B) Resumo

	Deputación	Concello	Importe total Euros
<b>SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL</b>	<b>278.482,80 €</b>	<b>473,13 €</b>	<b>278.955,93 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>278.482,80 €</b>	<b>473,13 €</b>	<b>278.955,93 €</b>

2º.- Declarar expresamente que non se considera procedente a formulación de plan complementario, debido á escasa contía dos proxectos cos que participará este Concello no PAS 2015.

3º.- Declarar que o Concello ten disponibilidad dos terreos, augas e servidumes necesarios para a execución das obras, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4º.- Formular compromiso de incluír no presuposto municipal de 2016 os fondos necesarios para facer fronte á aportación municipal das obras incluídas neste Plan.

5º.- Solicitar da Excm. Deputación Provincial de A Coruña a delegación da contratación e execución das obras incluídas no Plan, que se entenderá aceptada no caso de que efectivamente se produza.

6º.- Declarar que este Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento destes investimentos.

7º.- Autorizar á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesoureiría da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8º.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde Presidente, D. Secundino García Casal, ou a quen legalmente lle sustitúa ou represente, tan amplamente como sexa preciso, para todo o relacionado coa tramitación, xestión e execución do presente acordo e o correspondente expediente.

#### DÉCIMO. MOCIÓN DE APOIO AO FUTURO DOS ASTELEIROS DE NAVANTIA NA RÍA DE FERROL.

Dase conta da moción de que se trata, presentada polo comité de empresa de Navantia, que o Sr. Soto resume e que literalmente di:

*“A grave situación pola que atravesamos o sector naval na ría de Ferrol segue, logo de máis de tres décadas, nun proceso de progresivo desmantelamento; constituíndo en contraposición ao papel que lle correspondería como sector estratéxico na economía comarcal e galega, un dos elementos que máis está a contribuír ás elevadas taxas de desemprego (as máis altas de Galicia), emigración e índices de emerxencia social e pobreza no entorno dos concellos da comarca.*

*A aguda crise que atravesamos os estaleiros de Navantia Fene - Ferrol, sen novos contratos que incrementen, a practicamente inexistente, carga de traballo e as súas consecuencias en forma de destrución de empresas e de emprego na industria auxiliar, é motivo de alarma para os axentes económicos e sociais e para a sociedade en xeral. Ésta xa ten manifestado a súa inqueda con mobilizacións masivas e de non variar a situación intensificaránse, pois está en perigo un sector estratéxico para o presente e o futuro das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal.*

*As Corporacións Municipais, advertimos da necesidade de novos contratos, que garantan plena ocupación nos estaleiros da Ría e a súa División de Reparacións. Esiximos un compromiso firme de todas as Institucións para dotar de medios técnicos e humanos ao estaleiro de Fene e a garantía de Navantia de facer efectivo xa o levantamento do veto a Construción Naval Civil. Entendemos básicas estas demandas que, de non ser atendidas, derivarían nunha seria ameaza para o futuro do naval, un sector estratéxico e fundamental na economía das nosas comarcas.*

*Os Alcaldes de Ferrolterra, Eume e Ortegal, en representación das nosas Corporacións, sumámonos ás lexitimas demandas dos axentes sociais e facemos un chamamento a todas as Institucións a comprometerse, na resolución inmediata das devanditas demandas, que enumeramos a continuación:*

- 1. Mantemento da titularidade pública de todos os centros de traballo de Navantia na Ría de Ferrol.*
  - 2. Defensa do sector naval civil e militar, potenciación de Reparacións e Turbinas, fabricación de bens de equipo, produción en offshore e enerxías renovables. Defensa destas actividades como sector estratéxico en Galicia.*
  - 3. Dotación inmediatamente de carga de traballo aos estaleiros da Ría, garantindo a colocación de sendas quillas nas gradas de Ferrol e Fene. Construción do Dique, orde de execución urxente do mesmo*
  - 4. Plan de futuro, que asegure o sostemento da compañía e o seu reforzamento a medio e longo prazo, coa participación dos representantes dos traballadores/as.*
- Incorporación de xóvenes que garanta a continuidade de todos os centros de traballo, dotándoos de plantilla suficiente para afrontar calquera tipo de proxecto, evitando a liquidación de postos de traballo, a precarización das condicións laborais e a merma da capacidade de produción.*
  - Industria Auxiliar, como complementaria para Navantia, non como mecanismo de abaratamento de custes.*
  - Demanda de contratación propia como no resto de Administracións e eliminación da precariedade equiparando as condicións laborais e salariais.*
  - Capitalización e posta en marcha dun Plan de Investimentos, que modernice os estaleiros e potencie a I+D+I en todas as áreas.*

5. *Descentralización da xestión, en especial os departamentos de Compras / Aprovechamentos.*
6. *Esixencia ás organizacións políticas do cumprimento e seguimento destes obxetivos.*
7. *Reunión urxente co Presidente da Xunta de Galicia, a Dirección de Navantia e os Comités de Empresa de Navantia Fene - Ferrol, coa presenza conxunta dos Sindicatos, da Universidade, e de representantes públicos e económicos das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal."*

Toma a palabra o Sr. Lourido, para amosarse conforme co contida da moción e contrario ás privatizacións feitas polo goberno, xa que en épocas de crise, resístese mellor cando se poden controlar sectores económicos estratéxicos que moven a economía, como é o caso de Navantia na zona de Ferrolterra.

O S. Romero interven de seguido, manifestando a súa conformidade cos dous primeiros puntos da moción, pero non co resto, polo que solicita unha votación punto por punto. Di que a situación actual xa se coñecía dende 2012 e culpa dela á xestión dos gobernos do PSOE, que deixaron os asteiros nunha situación de carteira baleira e de perda de competitividade, unha situación que hoxe é distinta, cunha carga de traballo garantida e contratos en vigor, como as plataformas de enerxía eólica mariña que se están a facer para Iberdrola, polo que se pode ser optimistas cara ó futuro e apostar polo sector naval, algo que non fixeron anteriores gobernos.

O Sr. Alcalde di que a moción ven do comité de empresa de Navantia, polo que non se pode modificar ou votar por partes, aínda que se podería manifestar a conformidade de cada grupo con cada unha das propostas que contén. Di tamén que debería falar o único concelleiro que tamén traballa nesa empresa, o Sr. Varela. Antes, o Sr. Soto di que a moción van tamén apoiar a convocatoria dunha manifestación que terá lugar mañá en Ferrol, e que o seu grupo tamén matizaría algúns puntos, pero votarán si á moción, e cuestiona o feito de que se consignent cinco millónxs cada ano nos orzamentos da Xunta para o dique flotante, cando ao tempo se di que a Unión Europea non deixa construír esas infraestruturas; remata lembrando que BNG e CIG non asinaron os acordos de 2004 nin ningún outro no que se apoiaran reestruturacións.

O Sr. Varela di que os 38 anos que leva traballando en Bazán levan a un cabreo profundo tras moitos anos aguantando mentiras, dende a primeira reconversión ata esta situación na que se manteñen apenas 2500 postos de traballo. A comarca sofre pola constante perda de postos de traballo como consecuencia das políticas aplicadas estes anos, das que son responsables o PP e o PSOE. Fala dos varios cambios de nome da empresa e da deslocalización da carga de traballo, que se trasladou ao sur coa conseguinte merma de plantillas. En campaña electoral todo son promesas, pero a realidade é un declive constante do naval e por enriba se engana á xente con falsas novas e promesas sobre contratos que proporcionarían carga de traballo.

O Sr. Alcalde di que a moción votárase en conxunto, e que posteriormente, cada grupo se pronunciará sobre cada un dos puntos da mesma.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres votos contrarios, dos concelleiros do PP; acorda aprobar a moción de que se trata.



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

Sometidos de seguido a votación cada un dos puntos de que consta a moción, apóianse por unanimidade os dous primeiros, mentres que os cinco restantes contan soamente co apoio dos concelleiros que votaron favorablemente a moción.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e cincuenta minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,